

**Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)**

**Certifico:** Que o Pleno do Concello de Ames, en sesión extraordinaria e urxente celebrada o día 18 de decembro de 2019 adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

**“Punto segundo.- Aprobación do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos), POS+2020.**

(.....)

Vista a convocatoria do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos), POS+2020, publicada no BOP número 208, do 31 de outubro, o Pleno do Concello de Ames, por maioría absoluta dos seus membros presentes, cos votos a favor dos 8 concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos 3 concelleiros/as do Grupo Municipal BNG, das 2 concelleiras do Grupo Municipal Contigo Podemos, e a abstencións dos restantes membros da Corporación Municipal ( 6 concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e os 2 concelleiros do Grupo Mixto) adopta os seguintes acordos:

1. Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2020” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2020”, “achega provincial 2019” e “préstamo provincial 2020”:

**B ) Financiamento de gastos correntes:**

	Deputación
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de gastos correntes	150000
Achega provincial 2019 (Excepción da Base 2.2 final)	
Subtotal gasto corrente	150000

**C ) Financiamento de investimentos:**

ACHEGA PROVINCIAL 2020	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
ACCESOS E INTERIORES DE FIRMISTÁNS	166668,24		166668,24
REFORMA DE VESTUARIOS CAMPO DE FÚTBOL BERTAMIRÁNS (AMES)	89652,55		89652,55
MELLORA INTERIORES EN SEAREZ DE ARRIBA	67534,94		67534,94
Subtotal investimentos achega provincial 2020	323855,73		323855,73

ACHEGA PROVINCIAL 2019 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
REPARACIÓN E MELLORA DA CASA DE CULTURA DE MILLADOIRO E OUTROS	114677,41		114677,41
Subtotal investimentos achega provincial 2019	114677,41		114677,41

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
INTERIORES EN ORTOÑIÑO E AS CORTES (ORTOÑO)	181993,66		181993,66
RÚA FRAGUA E XUNQUEIRA (BERTAMIRÁNS)	73633,29		73633,29
ESTRADA DE MERCUTO A VILAR (AMEIXENDA)	96288,75		96288,75
INTERIORES EN PARAMUIÑO (BIDUIDO)	80829,26		80829,26
Subtotal investimentos préstamo provincial 2020	432744,96		432744,96

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2020 e que se relacionan nas táboas que anteceden.

E) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2019			
	Achega 2020			
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2020	150000		150000
	Achega 2019 (Excep. Base 2.2)			
C- INVERSIONES	Achega 2020			323855,73
	Achega 2019			114677,41
	Préstamo 2020			432744,96
D- REDUCCIÓN DÉBIDA	Préstamo 2020			
TOTAL	Achega 2020			473855,73
	Achega 2019			114677,41
	Préstamo 2020			432744,96
	TOTAL			1.021.278,10

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2020 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
GRADERIOS E VESTUARIOS ALDEA NOVA, ORTOÑO, AMES	165768,22
INTERIORES DE RÚA (PIÑEIRO)	276576,75
SENDA EN LAPIDO (ORTOÑO)	218919,03
MELLORA DO ACCESO A TRASMONTE (TRASMONTE)	150092,84
MELLORA DOS VESTIARIOS E O MUIÑO DE TAPIA	127563,56
TOTAIS	938.920,40

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2020, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

E para que así conste, aos efectos oportunos, expido a presente certificación co visto e prace do señor alcalde en Ames, a 19 de decembro de 2019, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e Prace  
O alcalde

A secretaria

José M. Miñones Conde

Rosa Ana Prada Queipo